



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A REDE GALEGA CONTRA A POBREZA (EAPN-GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á COORDINACIÓN, OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS E SINERXIAS DE ACTUACIÓN DAS ENTIDADES INTEGRANTES QUE TEÑEN COMO FINALIDADE A LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte:

Don Antonio Hernández Fernández, con DNI 34991240Y, presidente da asociación Rede Galega contra a Pobreza (en adiante EAPN-Galicia), con NIF G70209549, actuando en nome e representación dela, segundo o acordo de modificación da Xunta Directiva adoptado pola Asemblea Xeral de dita asociación o día 19 de xuño de 2015.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto.



MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que EAPN-Galicia é unha entidade que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social. Atópase inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769. Segundo os seus estatutos, carece de ánimo de lucro; conta con personalidade xurídica propia, autónoma da das súas entidades asociadas, con plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas; o seu ámbito de actuación é principalmente a Comunidade Autónoma de Galicia, e ten como fins, entre outros, os seguintes:

- a) Facilitar os fluxos de información entre as organizacións do terceiro sector e contribuír á formación dos seus diversos axentes.
- b) Contribuír a analizar a realidade da pobreza e a exclusión social e reflexionar sobre as súas causas e sobre as propostas para a incidencia das mesmas, promovendo estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.
- c) Incidir nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, con especial incidencia nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.
- d) Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector, desenvolvendo unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.
- e) Facilitar a participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión social nas entidades membro e diante das diversas administracións públicas.
- f) Sensibilizar ao conxunto da sociedade e corresponsabilizar aos axentes clave, en particular Administracións Públicas e empresas, sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.

SEGUNDO: Que para a consecución dos ditos fins lévanse a cabo as seguintes actividades especialmente en tres liñas de actuación:

1. Sistema información compartida e traballo colaborativo e en rede:
 - a) O desenvolvemento de intranet con repositorio documentación e xestión de comunicación e formación interna.
 - b) O compartimento de información e boas prácticas con entidades membro e con outras redes autonómicas.
 - c) O Plan de xestión de voluntariado.



- d) A realización de estudos, tales como o Estudo Así Somos e o Mapa de recursos do Terceiro Sector de Acción Social en Galicia (ámbito urbano e rural).
 - e) O aseguramento do mantemento e da seguridade informática.
2. Incremento da capacidade de investigación e propostas de mellora na loita contra a pobreza, exclusión social e servizos sociais:
- a) A posta en marcha de talleres de identificación das prioridades en servizos sociais e emprego 2018-2020 dende o Terceiro Sector Social galego.
 - b) A realización de informes-propostas en diversas materias: vivenda, xénero e feminización da pobreza, emprego, e rendas mínimas (RISGA).
 - c) A organización de foros (Foro sobre pobreza, exclusión social, terceiro sector e voluntariado).
 - d) A resposta ás demandas, consulta e diálogo coas administracións públicas.
3. Aumento da capacidade comunicación interna e externa para difusión da mensaxe de defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, especialmente a través das mesmas:
- a) O mantemento dun Grupo de comunicación operativo.
 - b) O desenvolvemento do plan de comunicación externa e interna (medios de comunicación e Social Media).
 - c) A realización de seminarios, acompañamento, deseño e implantación da campaña de comunicación (redes sociais e medios de comunicación), anuncios webs ONG membro.
 - d) A organización do Encontro de participación das persoas en risco de pobreza e exclusión.
 - e) A celebración do Día da Xustiza Social 2018 (20 de febreiro) e do Día de Erradicación da Pobreza 2018 (17 de outubro).
 - f) Facilitar comunicación externa e interna coas organizacións que conforman o Terceiro Sector de Acción Social galego.



CIF: G-70.208

TERCEIRO: Que a Consellería de Política Social, conforme co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo servizos comunitarios, as políticas de inclusión social e en favor da poboación inmigrante que lle corresponden á Xunta de Galicia.

CUARTO: Que no exercicio destas competencias considérase esencial desenvolver unha liña de colaboración a través da subscripción dun convenio con EAPN-Galicia, para facer posible o



desenvolvemento das actuacións tendentes á coordinación, optimización dos recursos e sinerxias de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular, reside na circunstancia de que EAPN-Galicia é a única entidade existente nesta comunidade autónoma que agrupa a entidades sociais que traballan con practicamente con todas as persoas desfavorecidas e, especialmente, coas persoas que se encontran en situación ou risco de exclusión social, de acordo co establecido no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Neste sentido, hai que ter en conta que esta entidade non pode participar nas convocatorias de subvencións de inclusión social, dado que non presta servizos directos ás persoas, senón que apoia ás entidades representantes das persoas vulnerables que conectan os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que canalice e dea voz ás demandas do sector. De acordo con isto, a Consellería de Política Social considera que a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interese social en consonancia co establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



A suscripción deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública, contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre a lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

CLÁUSULAS



PRIMEIRA. Obxecto

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e EAPN-Galicia para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á coordinación, optimización dos recursos e sinerxias de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.

SEGUNDA. Contido

A colaboración regulada neste convenio entre a Xunta de Galicia e EAPN-Galicia centrarase no financiamento das actividades que aseguren a unión de esforzos, a creación de sinerxias e o incremento da eficacia e a eficiencia das actuacións das súas entidades membro, coas seguintes finalidades:



- a) A creación de grupos de traballo, tanto estables como *ad hoc*, establecendo protocolos e calendarios de realización das xuntanzas, con implicación de persoas expertas e das entidades membro.
- b) A garantía dunha presenza activa e propositiva nos diversos foros sociais e políticos responsables do asesoramento e supervisión das políticas públicas do ámbito social en Galicia.
- c) O incremento da participación democrática e a incidencia social e política dos galegos e galegas en risco de pobreza e exclusión social.
- d) Facilitar comunicación interna e externa e recoñecemento das organizacións de iniciativa social do Terceiro Sector Social galego e fomento do dialogo civil coas Administracións públicas galegas.

TERCEIRA. Obrigas de EAPN-Galicia


EAPN-Galicia asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura deste convenio:

- a) Realizar as accións derivadas do obxecto do convenio.
- b) Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio.
- c) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Acreditar, no momento da sinatura do convenio e no momento da realización do pagamento, mediante declaración responsable da persoa que ostenta a representación da entidade de que está ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendente de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- e) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, requirida pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, órgano xestor do convenio, e do Servizo de Inspección nas áreas de Servizos Comunitarios e



Inclusión Social da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais dependente da Secretaría Xeral Técnica de Política Social; así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Para os efectos de comprobación administrativa, a sede de EAPN-Galicia está situada en Santiago de Compostela, na rúa Basquiños núm. 33, 1ºA, e todas as peticións de documentación deberán dirixirse a esta para acadar maior operatividade.

- g) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- h) Participar nas accións de información e sensibilización relacionadas co obxecto do convenio que, se é o caso, realice a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.
- i) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como en lendas alusiva ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.
- j) Levar un arquivo e custodia, durante, polo menos, cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións obxecto deste convenio. En particular, EAPN-Galicia comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.
- k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- l) Subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.
- m) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.



CIF: G-70.299.549



CUARTA. Orzamento

A concesión das subvencións reguladas neste convenio terá como límite global o crédito asignado para estes fins na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, na aplicación 2018.12.03.312A.481.3, polo importe global de TRINTA E SEIS MIL EUROS (36.000 €), sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

QUINTA. Gastos subvencionables

A condición de elixibilidade do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da acción; que de xeito indubidable responda á natureza do programa subvencionado; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o período de elixibilidade excede o prazo de xustificación e abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se establece a axuda.

Poderán financiarse con cargo a este convenio gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade, tales como:

- a) Gastos de persoal.
- b) Aluguer (incluídos gastos de comunidade).
- c) Combustible e outros gastos de desprazamento.
- d) Seguros: vehículos, voluntarios e locais.
- e) Material de oficina non inventariable.
- f) Material de reposto de máquinas, instalacións e equipos.
- g) Teléfono e enerxía eléctrica.
- h) Gastos de publicidade, sensibilización, consultoría, formación e asesoría externa.
- i) Outros gastos de similar natureza.

Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada polo convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

Non se poderán financiar os gastos que supoñan calquera tipo de investimento en bens inventariables.



SEXTA. Forma de xustificación e pagamento

1. Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 8/2017, do 26 de decembro, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. O pagamento efectuarase previa presentación dos documentos xustificativos de gasto que permitan acreditar o cumprimento do obxecto do convenio.
3. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 14 de decembro de 2018. Non obstante, o órgano xestor do convenio poderá esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de pechamento do exercicio 2018.
4. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación, acreditándose este pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria.
5. O pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais a conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, a medida en que EAPN-Galicia xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

SÉTIMA. Documentación para xustificar as axudas

A xustificación destes libramentos parciais realizarase mediante a presentación de:

- a) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e, se é o caso, a data de pagamento.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do seu pagamento.

Antes de facer efectivo o 20% restante, EAPN-Galicia deberá presentar a seguinte conta xustificativa:



- a) Memoria de resultados que recolla as actuacións realizadas obxecto deste convenio.
- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá os mesmos elementos descritos no apartado dedicado aos libramentos parciais e ademais estes outros:
 - 1º Balance en que se reflicta a totalidade dos ingresos e gastos correspondentes á actividade obxecto do convenio.
 - 2º Declaración que conteña unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - 3º Declaración responsable que acredite a finalización das actividades programadas.

OITAVA. Obtención doutras axudas

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas no presente convenio.
2. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das accións derivadas do convenio. Como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total do programa. Para tal fin, establecerase un sistema de estampillado dos xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións, con expresión da porcentaxe que se lle imputa, ben a totalidade ou a que lle corresponda.

NOVENA. Comisión de seguimento

Créase unha Comisión Mixta paritaria para a avaliación e seguimento das accións estipuladas, que estará integrada por dúas persoas en representación da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social e outras dúas en representación de EAPN-Galicia.

Esta Comisión Mixta, presidida por unha das persoas representantes da Dirección Xeral de Inclusión Social, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e resolverá os problemas de interpretación do convenio que poidan xurdir.

Realizarase unha avaliación cuantitativa e cualitativa das actuacións establecidas de conformidade coas cláusulas primeira e segunda deste convenio, para determinar sistemática e



obxectivamente a pertinencia, eficiencia, eficacia e impacto de todas as actividades á luz dos seus obxectivos para mellorar a intervención e para unha planificación máis satisfactoria.

A Comisión Mixta está sometida á Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto daquel, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, ni directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. Duración

A vixencia do presente convenio estenderase desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2018.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

DÉCIMO SEGUNDA. Causas de resolución. Reintegro e suspensión

1. Serán causas de resolución do convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime das partes asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora, un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable da comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento a parte que o dirixiu notificará á outra parte a existencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, sen que isto xere dereito a indemnización.



- d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos do que motivaron a súa concesión.
 - e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, ou a falsidade de datos achegados para esta fin.
 - f) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
 - g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.
2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. Por razón de interese público, a Consellería de Política Social poderá suspender a execución do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. Carácter administrativo do convenio

1. O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puideren presentarse. Así mesmo, rexeráse tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

DÉCIMO CUARTA. Cuestións litixiosas

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica,



se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA. Transparencia e publicidade

Este convenio está suxeito ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e a súa publicación.

A sinatura deste convenio leva implícita a autorización da entidade para a inscrición no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, creado polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO SEXTA. Protección de datos de carácter persoal

1. EAPN-Galicia obrígase ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei.

2. Ambas as partes garantirán a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución deste convenio e serán incluídos nun ficheiro denominado *Relacións Administrativas coa Cidadanía e Entidades*, creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica desta consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.



DÉCIMO SÉTIMA. Publicidade dos datos das partes asinantes

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano e rubrícano, por triplicado, no lugar e na data indicados na cabeceira.

O conselleiro de Política Social

José Rey Varela

O presidente de EAPN-Galicia

Antonio Hernández Fernández